



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

X ANIVERSARIO TAC

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021

MÉRCORES 28
OUTUBRO 2020

Auditorio de Galicia, 20.30 h

TALLER ATLÁNTICO
CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director

PROGRAMA

Anton Bruckner (1824-1896)

Sinfonía núm. 7 en Mi maior WAB 107

(arranxo de cámara de Hanns Eisler, Erwin Stein e Karl Rankl)

Allegro moderato

Adagio: Sehr feierlich und sehr langsam

Scherzo: Sehr schnell

Finale: Bewegt, doch nicht schnell

Duración aproximada do concerto: 65 minutos.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

O TAC presentouse en marzo de 2010 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Quixo reivindicar dende un principio a cercanía que a música contemporánea pode ter para o público actual, así como a posibilidade de facer concertos con novos formatos. No mesmo ano colocou un piano de cola no faro de Fisterra para interpretar integramente a obra de Erik Satie *Vexations*. 18 horas de piano *ininterrompidas*. No CGAC presentou un ciclo de seis concertos adicados á música de compositoras e compositores galegos. Co grupo de rock Siniestro Total estrearon a *Suite Suicida Land of Opportunity* do compositor Javier López de Guereña. En 2011 e 2012 organizaron na Cidade da Cultura de Compostela sendos ciclos de 'Os Seráns do TAC' que incluían música contemporánea, humor e gastronomía e que contou con artistas como Carlos Blanco, Quico Cadaval, Julián Hernández, Diego Masson, Paul Darniel, e os restaurantes Pepe Solla, Eirado da Leña, Abastos 2.0, Culler de Pau e Yayo Daporta. Outras das súas participacións máis destacadas son as do Auditorio Nacional de Madrid, as Xornadas de Música Contemporánea en Compostela, a 53ª Semana de Música Relixiosa de Cuenca e o Festival Internacional de Música y Danza de Granada. No 2019 presentárase no Festival Internacional de Santander e na Quincena Musical Donostiarra. En 2013 recibe dous importantes

galardóns: o Premio Galego da Crítica e o Primeiro Premio "Martín Códax" (Premios Galegos da Música), na categoría de Música Clásica e Contemporánea. O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez

O TAC está integrado por:

Luís Soto, frauta

Saúl Canosa, clarinete

Alfredo Varela, trompa

José Vicente Faus, timbais

Nicasio Gradaille, piano

Vadzim Yukhnevich, acordeón

Ludwig Dürichen, violín I

Nazaret Canosa, violín II

Ioana Ciobataru, viola

Álvaro Quintanilla, violonchelo

Alfonso Morán, contrabaixo

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

DIRECTOR

Diego é o director artístico e musical do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC). Os seus compromisos como director invitado comprenden orquestras, teatros de ópera e festivais nacionais e europeos. No eido operístico destacan o seu debut no Teatro Real de Madrid con *Hansel e Gretel* de E. Humperdinck, *Rigoletto* e *Macbeth* de G. Verdi da Asociación de amigos da ópera de Vigo, *Carmen* de Bizet na Opera Bałtycka (Polonia), a dirección musical da tempada 2015 da compañía donostiarra Opus Lírica cos títulos *O barbeiro de Sevilla* de Rossini e *Rigoletto* de Verdi, A Ópera dos *Tres Reás* co Centro Dramático Galego e as estreas mundiais de *It makes no Difference...*, ópera de cámara do compositor Simone Spagnolo no festival Tête à Tête dos Riverside Studios de Londres e de *Die Traumende Knaben*, melodrama do compositor Torsten Rasch en Dartmoor (Reino Unido). No 2019 é convidado ao Teatro Real como director musical de *Don Carlo* de Verdi. Colabora coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Sinfónica del Principado de Asturias, Orquestra de Extremadura, Orquestra Filarmónica de Málaga, Orquestra Sinfónica Vigo 430, Orchestre des Pays de Savoie (Francia), Akademicka Orkiestra Bydgoszcz (Polonia),

Orquestra Nova da OSG (proxecto Sonfuturo), Dartington Festival Orchestra (Reino Unido) e co festival The two Moors (Reino Unido). Obtivo o seu Mestrado artístico en dirección de orquestra (MA) na Zürcher Hochschule der Künste (Zúric, Suíza) e ampliou a súa formación xunto ao mestre Diego Masson na Dartington Summer School (Reino Unido) en 2009 e 2010. Naceu en Escarabote, A Coruña.

Anton Bruckner (1824-1896)

Anton Bruckner rematou a súa *Sinfonía núm. 7 en Mi maior* en 1883, o mesmo ano da repentina morte de Wagner. Un ano antes, na estrea de *Parsifal*, ambos compositores coincidiron e Bruckner faloulle dunha sinfonía aínda sen rematar a Wagner –por quen sentía verdadeira admiración– e este comprometeuse a dirixila, nun xesto afectuoso que non adoitaba ter con ninguén. Este encontro marcou a sinfonía sobre a que flota o loito pola morte do Mestre, entrelazada cun relato de superación, combinación revestida da súa fonda fe. Esta sinfonía consagrouno, tras a súa estrea en Leipzig en 1884, como representante do sinfonismo romántico para os seus coetáneos.

A sinfonía preséntase cun sutil trémolo dos violíns e o primeiro tema en trompa e violonchelos. Despois da nova exposición dos violíns e vento madeira, a coda vaise apagando para que os ventos presenten o segundo tema. O terceiro aparece cun piano súbito e certo aire de marcha oriental. Durante todo o movemento, os tres temas mostran todas as súas caras sucedéndose, superpoñéndose, ampliándose e reducíndose. No recoñecible *Adagio*, Bruckner rende homenaxe a Wagner e reflicte a sombra da morte, dirixíndolle unha mirada serena moi bruckneriana, a través do coral cromático que, co seu imparabile impulso lento e as liñas de corda ornamentais, ofrece un dos maiores clímax orquestrais do século XIX, que o musicólogo e editor da obra de Bruckner, Leopold Nowak, describiu así: “este *adagio*

transpira unha atmosfera de exultación combinada cunha escura consciencia do lado escuro da vida”. Co *Scherzo* chega unha gran forza rítmica. Sobre as cordas, a trompeta ofrece un corto motivo que, duns a outros instrumentos, converterase no tema dominante de toda a danza, dado o seu sinxelo ritmo. O distendido trío, que evoca un *Länder* popular, presenta un tema melódico de gran lirismo que contrasta coa volta ao *Scherzo*. Estes dous movementos foron obxecto de debate para os críticos románticos pois, para algún deles, a ledicia e o sosego que asoma restarán veracidade ao drama e á seriedade. No *Finale*, movido pero non rápido, Bruckner aínda aposta máis por elevar o ánimo. O primeiro tema interpretado polos violíns é interrompido polos pizzicatos das cordas graves e un sobrio coral para deter o envite inicial. O terceiro tema é só o primeiro modificado, e dá paso ao timbal e ao recital de vento. Estes materiais desembocan na culminación final, que comeza coas trompas interpretando por última vez o tema principal. Ata aquí un breve desenvolvemento da partitura orixinal da *Sétima Sinfonía* que hoxe o Taller Atlántico Contemporáneo interpreta na versión de cámara arranxada por alumnos de Arnold Schoenberg.

En 1918, Arnold Schoenberg promoveu a Verein für musikalische Privataufführungen, unha asociación coa que tiña intención de difundir a música do momento que el consideraba infravalorada, e que merecía unha promoción e unha atención particulares.

Era, en palabras de Alban Berg, “non unha sociedade para compositores, senón exclusivamente para o público”. De feito, excluíase expresamente á prensa e prohibíronse tanto aplausos como expresións de desagrado. En 1921, tres alumnos de Schönberg (Hanns Eisler, Erwin Stein e Karl Rankl), baixo a súa supervisión, decidiron transcribir a *Sétima Sinfonía* de Bruckner. Schönberg gustaba das transcripcións e probounas en varios casos. Este podería ser un exemplo extremo, porque ‘reescribir’ a un compositor de opcións sinfónicas sólidas e grave condición ao mundo do expresionismo experimental da Alemaña entreguerras era todo un percorrido. Certamente, asumían un risco moi suxestivo e non exento de certa desvergoña vangardista e xuvenil e aínda que o arranxo no seu conxunto foi deseñado polos tres, o primeiro e terceiro movementos foron en gran parte obra de Eisler, mentres que Stein traballou sobre o *Adagio* e Rankl, no final. O arranxo foi construído para quinteto de cordas, clarinete, trompa, piano a catro mans, harmonio e timbais, e está lonxe da robusta orquestración wagneriana que Bruckner presenta, polo que adocece de certa grandeza que a versión de cámara compensa cunha lixeira transparencia neoclásica que parece aclarar as intrincadas relacións tonais-formais da música.

Na versión desta noite, o acordeón substitúe o harmonio, que aparte dalgunhas notas agudas queixosas interpreta as pasaxes de coro de Bruckner (como os segundos temas do primeiro

movemento e o final, ademais doutros fragmentos do *adagio*) con resultado sorprendente. A sonoridade da partitura orixinal, como parece lóxico, está alterada tanto no peso como na cor orquestral, e aínda que os trémolos das cordas se expoñen cruamente nos instrumentos individuais, nótase a falta de impacto dos metais (por exemplo, no *scherzo*) e a solemne voz harmónica do *Adagio* queda algo diluída na diversidade de liñas solistas. Pero estas variacións sobre o orixinal vense compensadas na trama polifónica, que case permite escoitar con máis claridade o recurso das harmonías que ofrece o orixinal, e pon de manifesto o refinamento da escritura de Bruckner. A intimidade do pequeno conxunto orquestral resulta absolutamente eficaz para resaltar o diálogo contrapuntístico e introducir luz e sombra nos masivos, ás veces densos, *tutti* brucknerianos. De feito, a *Sinfonía núm. 7* de Bruckner incluso revela algúns precursores do estilo de alteración de intervalos que se convertería nun selo distintivo do estilo dodecafónico de Schoenberg, quen parecía percibir un parentesco entre eles, ambos vítimas do sufrimento da vangarda a mans da prensa conservadora vienesa. Estaba previsto que a obra fose estreada a finais de 1921 na Asociación de Schoenberg pero, tras 118 concertos, disolveuse en setembro de 1921, un mes antes de que seremalara esta versión *Sétima* de Bruckner, polo que non foi interpretada ata marzo de 2000 en Viena polo ensemble liderado polo violinista Thomas Christian.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 5 de novembro, 20.30 h

ORFEO E EURÍDICE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Olga Synlakova, mezzosoprano (Orfeo)

Alicia Amo, soprano (Eurídice)

Beatriz de Sousa, soprano (Amor)

Coro da OSG

Joan Company, director do coro

Javier Fajardo, director asistente do coro

C. W. Gluck, *Orfeo e Eurídice (versión H. Berlioz)*

Xoves 12 de novembro, 20.30 h

ARAÑAS E OUTROS INSECTOS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Marzena Diakun, directora

James Dahlgren, violín solista da RFG

Laurent Blaiteau, frauta solista da RFG

D. Debussy (orq. T. Finno), *Sinfonía en si menor*

S. Gubaidulina, *Impromptu*

A. Roussel, *O festín da araña, op. 17*

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

